



ACTA Nº 2025/7

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 28 de maio de 2025

No día de hoxe, ás 09:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Manuel Pose Tomé

D. Sergio Miñones Oanes

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

SECRETARIO:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR:

D. Francisco Fernández Armada

A Alcaldesa-Presidenta excusa a ausencia de D. Mario Andujar Mouzo por motivos laborais.



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 26 de marzo e 25 de abril de 2025.

2º. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/03, na modalidade de suplemento de crédito.

3º. Ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Finca O Prado, SCG por mor das obras de construción de estabulación libre de gando vacuno de leite, obras anexas e fosa de purín, situada no lugar de Reboredo, parroquia de Salto.

4º. Ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Gandería Pose Izcara, SC por mor das obras de cubrición de fosa de purín existente en explotación de vacún de leite, situada no lugar de Xora, parroquia de Treos.

5º. Ditame sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Gambaru Power, SL por mor das obras de construcion de unidade de suministro de combustible, situada nas parcelas N2-N3 do parque empresarial.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

7º. Mocións de urxencia.

8º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 26 de marzo e 25 de abril de 2025.



En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación as citadas actas.

O secretario da Corporación indica que na acta do 26 de marzo de 2025, no punto 9º de rogos e preguntas, na intervención do concelleiro D. José Manuel Rodríguez Blanco, onde dí: "Campo de Treos", debe dicir: "**Campo de Carantoña**"

Ao non manifestarse máis observacións sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións celebradas o 26 de marzo, coa modificación indicada e o 25 de abril de 2025.

2º. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/03, na modalidade de suplemento de crédito.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 23 de maio de 2025, que se reproduce a continuación:

"4. Proposta de ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/03, na modalidade de suplemento de crédito

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de maio de 2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente	
	- Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2025/T002/000015 2025/SC/03

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con remanente de crédito para gastos xerais.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/03, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais para os seguintes gastos:



- Humanización e mellora urbana no segundo tramo da rúa Castelao no concello de vimianzo
- Mobiliario rúa Castelao e Antonio Vázquez Mouzo no Concello Vimianzo.

O expediente de modificación de créditos do vixente Orzamento municipal adopta a modalidade de suplemento de crédito, de acordo co seguinte detalle:

	GASTOS			INGRESOS	
	Aplicación Orzamentaria		Importe	Aplicación Orzamentaria	Importe
1	453	61900	213.278,59 €	87000	263.278,59 €
2	453	62500	50.000,00 €		
	TOTAL		263.278,59 €	TOTAL	263.278,59 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por seis votos a favor (5 PsdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica brevemente o fin da modificación de suplemento de crédito, para dar cobertura orzamentaria previa obtención da subvención, e iniciar a contratación das obras de rúa Castelao e Antonio Vázquez Mouzo.

D. José Manuel Rodríguez Blanco está dacordo.

D. Benjamín Queiro Pérez dí que será máis costosa a obra pois farase en dúas fases e non nunha como se plantexaba.

A Alcaldesa- Presidenta, contesta que hai que darlle continuación ó saneamento novo, e que non é máis costosa xa que provén dun único proxecto dividido en fases, e xa se obtiveron no seu día as autorizacións sectoriais pertinentes polo que só queda contratar e executar.



Pásase a votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.”

3º. Ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Finca O Prado, SCG por mor das obras de construción de estabulación libre de gando vacuno de leite, obras anexas e fosa de purín, situada no lugar de Reboredo, parroquia de Salto.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 23 de maio de 2025, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Finca O Prado, SCG por mor das obras de construción de estabulación libre de gando vacuno de leite, obras anexas e fosa de purín, situada no lugar de Reboredo, parroquia de Salto

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de abril de 2025, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO solicitada por Finca O Prado, SCG por mor das obras de construción de estabulación libre de gando vacuno de leite, obras anexas e fosa de purín, situada no lugar de Reboredo, parroquia de Salto

Visto expediente núm. 2025/X998/000038 promovido por Finca O Prado, SCG, representada por D. Manuel Domingo Rodríguez Caamaño, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), para as obras de construción de estabulación libre de gando vacún, obras anexas e fosa de purín, situadas no lugar de Reboredo, parroquia de Salto, en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto.

Na data do 28 de marzo de 2025, mediante o escrito con RE 202599900000685 achégase documentación para dar cumprimento ao requirido polo Concello.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro, na data do 7 de abril de 2025 e no que se di o seguinte:

“Exp. 2025/X998/000038

ASUNTO: Solicitude de bonificación do 95% do ICIO en relación ás obras de construción de estabulación libre de gando vacún, obras anexas e fosa de purín situadas en Reboredo, parroquia de Salto

INFORME DE TESOURERÍA

ANTECEDENTES

- Providencia da Alcaldía do 02/04/2025 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos servizos económicos) do expediente citado.



- Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2007 e BOP núm. 105 do 31 de maio de 2024):

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións. .../..."

6.2. Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras **realizadas por agricultores ou gandeiros** que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade."

. .../..."

De conformidade co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia citada e en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente citado de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, atribúe á Facenda Municipal a función de xestión e recadación, que inclúe, entre outras, a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: FINCA O PRADO S COOP GALEGA

CIF.: F70688551

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

Referente a "Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade".

Consta no expediente declaración responsable e o modelo 100 do Imposto da Renda ano 2023 de José Manuel Ures Amigo como socio da sociedade civil FINCA O PRADO S COOP GALEGA no que declara que os ingresos lle supoñen máis do 50% dos ingresos brutos proceden desta actividade e que as obras a realizar quedarían afectadas á actividade.

TERCEIRO: Bonificación do 95% do ICIO

A declaración de interese ou utilidade municipal correspóndelle ao PLENO da Corporación e co voto favorable da maioría simple dos seus membros e se lle aplicaría unha BONIFICACIÓN do 95% do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras do Concello de Vimianzo.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo e na data que consta na marxe.

O Tesoureiro

(documento asinado electronicamente)"

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo", cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 105, do 31 de maio de 2024, que no apartado segundo do artigo 6º establece a seguinte bonificación:



"6.2. Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade "

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Finca O Prado, SCG, representada por D. Manuel Domingo Rodríguez Caamaño, unha bonificación do 95% da cota do ICIO para as obras de construción de estabulación libre de gando vacún, obras anexas e fosa de purín, situadas no lugar de Reboredo, parroquia de Salto, recoñecendo o especial interese municipal das obras que se van realizar e que quedarán afectas ao desenvolvemento das actividades gandeiras.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo
A alcalesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo."

A Alcaldesa-Presidenta explica que este punto e os dous seguintes, versan sobre a aplicación regrada da bonificación do ICIO prevista na Ordenanza Fiscal municipal.

Pásase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

4º. Ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Gandería Pose Izcara, SC por mor das obras de cubrición de fosa de purín existente en explotación de vacún de leite, situada no lugar de Xora, parroquia de Treos.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 23 de maio de 2025, que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Gandería Pose Izcara, SC por mor das obras de cubrición de fosa de purín existente en explotación de vacún de leite, situada no lugar de Xora, parroquia de Treos

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de maio de 2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO



Asunto: bonificación do ICIO solicitada por Gandería Pose Izcara, SC por mor das obras de cubrición de fosa de purín existente en explotación de vacún de leite, situada no lugar de Xora, parroquia de Treos

Visto expediente núm. 2025/X999/000087 promovido por Gandería Pose Izcara, SC, representada por D. Manuel Pose Pérez, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), para as obras de cubrición de fosa de purín existente en explotación de vacún de leite, situada no lugar de Xora, parroquia de Treos, en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto.

Na data do 16 de abril de 2025, mediante o escrito con RE 202599900000817 achégase documentación para dar cumprimento ao requirido polo Concello.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoreiro, na data do 7 de maio de 2025 e no que se di o seguinte:

"Exp. 2025/X999/000087

ASUNTO: Solicitud de bonificación do 95% do ICIO en relación ás obras de cubrición de fosa de purín existente en explotacións de vacún de leite, situada en Xora, parroquia de Treos

INFORME DE TESOURERÍA

ANTECEDENTES

- Providencia da Alcaldía do 21/04/2025 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos servizos económicos) do expediente citado.

- Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2007 e BOP núm. 105 do 31 de maio de 2024):

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións. .../...

6.2. Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras **realizadas por agricultores ou gandeiros** que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitud dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitud deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade."

.../..."

De conformidade co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia citada e en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente citado de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, atribúe á Facenda Municipal a función de xestión e recadación, que inclúe, entre outras, a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, emito o seguinte



INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: GANADERIA POSE IZCARA SC
CIF.: J70040571

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

Referente a “Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade”.

Consta no expediente declaración responsable e o modelo 100 do Imposto da Renda ano 2023 de Manuel Pose Pérez, en representación da sociedade GANADERIA POSE IZCARA SC no que declara que os ingresos derivados da actividade agrícola e gandeira supoñen máis do 50% da totalidade dos ingresos brutos procedentes desta actividade e que a actividade supón a mellora na xestión do purín (evita a entrada de choiva) e reduce as emisións directas nun 80% de gastos á atmosfera respecto dunha fosa descuberta.

TERCEIRO: Bonificación do 95% do ICIO

A declaración de interese ou utilidade municipal correspóndelle ao PLENO da Corporación e co voto favorable da maioría simple dos seus membros e se lle aplicaría unha BONIFICACIÓN do 95% do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras do Concello de Vimianzo.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo e na data que consta na marxe.

O Tesoureiro

(documento asinado electronicamente)”

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do “Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo”, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 105, do 31 de maio de 2024, que no apartado segundo do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

“6.2. Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade ”

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar de especial interese municipal as obras de cubrición de fosa de purín existente en explotación de vacún de leite, situadas no lugar de Xora, parroquia de Treos, quedando as ditas obras afectas ao desenvolvemento das actividades gandeiras.

SEGUNDO.- Recoñecer a Gandería Pose Izcara, SC, representada por D. Manuel Pose Pérez, unha bonificación do 95% da cota do ICIO para as obras de cubrición de fosa de purín existente en explotación de vacún de leite, situada no lugar de Xora, parroquia de Treos.



TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, acordo emitir ditame favorable á proposta de acordo."

Pásase a votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

5º. Ditame sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Gambaru Power, SL, por mor das obras de construción de unidade de suministro de combustible, situada nas parcelas N2-N3 do parque empresarial.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o venres, día 23 de maio de 2025, que se reproduce a continuación:

"3. Proposta de ditame sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Gambaru Power, SL por mor das obras de construcion de unidade de suministro de combustible, situada nas parcelas N2-N3 do parque empresarial

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de maio de 2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO solicitada por Gambaru Power, SL por mor das obras de construcion de unidade de suministro de combustible, situada nas parcelas N2-N3 do parque empresarial

Visto expediente núm. 2024/X998/000091 promovido por Gambaru Power, SL, representada por D. Antonio Manuel Romero Fuentes de la Rosa, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), para as obras de construción de unidade de suministro de combustible, situada nas parcelas N2-N3 do parque empresarial de Vimianzo, en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto.

Na data do 1 de xullo de 2024, presentase o escrito con RE 202499900001255 xunto co que se achega documentación para dar cumprimento ao requirido polo Concello.

Posteriormente, o 24 de abril de 2025, presentase novo escrito con RE 202599900000868 xunto co que se achega nova documentación para incorporar ao expediente.



Consta Resolución da Alcaldía núm. 233/2025 do 18/02/2025 mediante a que se resolve conceder a licenza municipal de obras para instalación dunha unidade de combustible situada nas parcelas N2 e N3 do parque empresarial de Vimianzo.

Consta no expediente o informe emitido polo tesooureiro, na data do 7 de maio de 2025 e no que se di o seguinte:

"Exp. 2024/X998/000091

ASUNTO: Bonificación do 95% do ICIO en relación ás obras de construción de unidade subministro de combustible nas parcelas N2 e N3 do PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO

INFORME DE TESOURERÍA

ANTECEDENTES

- Providencia da Alcaldía do 25/04/2025 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos servizos económicos).

- Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (*BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2007 e BOP núm. 105 do 31 de maio de 2024*):

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións. .../..."

6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. .../..."

De conformidade co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia citada e en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente citado de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, atribúe á Facenda Municipal a función de xestión e recadación, que inclúe, entre outras, a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: GAMPARU POWER SL CIF. B70795513

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

Referente a "Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo".



Consta no expediente 2024/U022/000015 a Resolución da Alcaldía núm. 233/2025 do 18/02/2025 sobre concesión de licencia municipal de obras para instalación dunha unidade de combustible situada nas parcelas N2 e N3 do parque empresarial de Vimianzo que segundo o proxecto de instalación ten un orzamento de execución material de 225.234,86 euros e estando pendente de resolver a bonificación da cota do ICIO.

Consta no expediente 2024/X998/000091 a Memoria explicativa de actuación asinada con data 16/06/2024 polo Enxeñeiro Antonio Manuel Romero Fuentes de la Rosa e no Expositivo 3 pormenoriza os aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo seguintes:

"3.-PERSONAL NECESARIO PARA LA INSTALACIÓN

*La instalación necesitará inicialmente de la incorporación de **DOS trabajadores** para llevar a cabo las labores de repostaje, cobros y ventas de la tienda anexa, así como asistencia a los clientes.*

Se establecerán dos turnos de trabajo para ofrecer a los clientes el máximo horario de la instalación en modo atendido.

Durante el periodo en que no haya personal en la unidad de suministro, ésta podrá funcionar en modo desatendido, para lo que cumplirá todas las especificaciones de funcionamiento y seguridad indicadas en la normativa.

*Una vez se desarrolle la segunda fase, en la que se pretende la instalación de un lavado, restaurante-cafetería, así como una tienda de mayor tamaño, **la previsión de contratación de personal es de OTROS CUATRO trabajadores adicionales.**"*

TERCEIRO: Bonificación do 95% do ICIO

A declaración de interese ou utilidade municipal correspóndelle ao PLENO da Corporación e co voto favorable da maioría simple dos seus membros e se lle aplicaría unha BONIFICACIÓN do 95% do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras do Concello de Vimianzo.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo e na data que consta na marxe.

O Tesoureiro

(documento asinado electronicamente)"

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo", cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 105, do 31 de maio de 2024, que no apartado segundo do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

"6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordárase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo."

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Gambaru Power, SL, representada por D. Antonio Manuel Romero Fuentes de la Rosa, unha bonificación do 95% da cota do ICIO para as obras de construción de unidade de suministro de combustible, nas parcelas N2 e N3 do parque empresarial de Vimianzo, recoñecendo o especial interese municipal das obras que se van realizar.



SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo.”

Pasase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario dá conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas dende o día 24-03-2025 con número 423/2025 ata o día 23-05-2025 con número 753/2025.

O Pleno do Concello douse por enterado.

7º. Mocións de urxencia.

Non constan.

8º. Rogos e preguntas.

A Alcaldesa-Presidenta aclara que as preguntas do presente Pleno as contestará no seguinte, e a continuación, da turno ós voceiros para que fagan as que estimen oportunas:

D. José Manuel Rodríguez Blanco pregunta e roga:

- Como van as obras da estrada de Baíñas ó Sisto.
- Limpeza da franxa na Finca de Pachanca.
- Talude en Padreiro.
- Explicacións respecto á colocación de cámaras de Seguridade na Base do Grumir.

D. Benjamín Queiro Pérez pregunta e roga:

- Bamiro, Camiño da Costa. Está deficiente.
- Orbellido pasa o mesmo.
- En Berdoias á altura da Igrexa hai baldosas levantadas.
- Como vai a licitación do contrato de lixo.
- PXOM.



A Alcaldesa-Presidenta responde ás preguntas e rogos do Pleno anterior:

De D. José Manuel Rodríguez Blanco:

- Bache en Baíñas: Xa está arranxado, puxoxe o aglomerado, cando se poida se continuará xa que van 600.000 do POS xa gastados e non temos máis recursos para inversión.
- Obra Serramo-Baio: Quedou moi ben, incluíndo interseccións e sinalizacións.
- Talude en Padreiro: Espera que se faga unha actuación puntual.
- Cambios contadores de auga: Fixéronse contratos menores para iso.
- Campo de Carantoña: Chegou a autorización de Patrimonio para actuar.
- Aparcamientos públicos: Agradece ós propietarios que firmaron convenios de xeito temporal.

De D. Benjamín Queiro Pérez:

- Deficiente estado Rúa Tedín a Talleres Ideal: Estase co proxecto xa que as NNSS obrigan a un ancho de vía de 16 metros, dúplícase por culpa dos requisitos de Auga de Galicia.
- Recalificar Praza de Cereixo para ampliála: Houbo reunión e quedou aclarado.
- Recollida e esterilización dos gatos e cans: É unha sangría económica que se impuso ós concellos. Páganse 3000 euros e 5000 euros ó mes, e hai picaresca sumamente grave. A continuación dá cifras de recollida e castración e o seu alto custe.
- Renuncia subvención técnico igualdade: Non nos deron nada dende a Xunta de Galicia, e menos mal que a Deputación nos subvencionaba a metade de 44.000 euros que é o custe. Non se colleu porque hai prioridades, necesitamos educadora social fronte a técnico de igualdade.

De feito vamos polo 4º Plan de Igualdade, que antes non había ningún, e os traballadores están formados neste aspecto.

- RPT: Estamos avanzando.
- Arranxo Rúa Castelao con Vázquez Mouzo: Farase todo o posible dentro do marco xurídico.
- Repoñer pedras Campo da Feira de Bamiro: Xa se falou cos afectados e farase o que se poida.
- PXOM: Despois do verán convocarase a Xunta de Voceiros para analízalo, e as portas están abertas sempre.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:01 horas, a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juiz